


XXVIII Certame Literario Alberto Romasanta

IES Campo de San Alberto

IES Virxe do Mar



a.- Poderán concorrer a este certame literario as alumnas e alumnos matriculadas/os nos centros organizadores ou centros no presente curso académico 2022-2023. Tamén poderá participar, como convidado, o alumnado do CPI Cernadas de Castro.

b.- Establécense tres niveis de participación nas modalidades de **RELATO e POESÍA**:

NIVEL 1. Alumnado 1º e 2º de ESO, FP básica e ESA 1

NIVEL 2. Alumnado 3º e 4º de ESO e ESA 2

NIVEL 3. Alumnado BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS.

c.- En cada nivel concederanse dous premios (que poderán quedar desertos) correspondentes ás modalidades de RELATO e POESÍA. A contía dos premios será de 60 e 30 euros. De estimarse oportuno, o xurado poderá outorgar algún accésit.

d.- Os traballos, en lingua galega, deben ser orixinais, e enviaranse ao enderezo electrónico **certameromasanta23@gmail.com** da seguinte maneira:

No asunto do correo figurará se é relato ou poesía, o curso e o título.

No contido do correo (corpo) poñerase o título do traballo, o nome da/do concursante, curso, clase e INSTITUTO

O traballo (sempre con título) enviarase como anexo EN FORMATO PDF. O nome do arquivo ten que conter o título do traballo. NO ANEXO PDF NON FIGURARÁN DATOS PERSOAIS NIN NO NOME DO ARQUIVO NIN NO TRABALLO.

As/os participantes poden resolver as súas dúbidas neste mesmo correo electrónico.

e.- **O tema será libre.** A extensión do relato será entre **1 e 3 folios** (letra 12, dobre espazo) e os poemas terán entre **10-40 versos** en total (un ou varios poemas no mesmo traballo). O mesmo alumnado poderá participar nas dúas modalidades.

f.- Os traballos poderán enviarse ata as 23:59 horas do día **13 de abril**.

g.- A entrega dos premios realizarase no IES Campo de San Alberto o 15 de maio do 2023.

h.- O xurado estará formado por profesorado dos centros participantes, podendo facerse unha preselección previa en cada un dos centros participantes.

i.- A presentación ao Certame, implica a aceptación das bases.

